

BASES PARA A SELECCIÓN DE DOUS/DÚAS TÉCNICOS/AS DE INSERCIÓN LABORAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA TERRITORIO DE EMPREGO 2017-2018.

1.- Obxecto

Estas bases teñen como finalidade a determinación do sistema de selección para o contrato baixo a modalidade obra ou servizo, a xornada completa, cunha duración aproximada de 10 meses conforme a data de fin das accións (30 de novembro de 2018).

O Salario bruto mensual incluída a parte proporcional das pagas extras será como mínimo de 1.690,86 €. Este importe poderá incrementarse en función da data de inicio do contrato, co obxecto de aproveitar a totalidade da subvención. Nel non están incluídos os gastos de desprazamento, que se aboaran previa xustificación.

Será de aplicación o Convenio colectivo de traballo do sector de oficinas e despachos da provincia da Coruña (BOP 13/02/14)

2.- Funcións a desenvolver

A persoa contratada desenvolverá as seguintes tarefas e actividades:

- Proceso de selección dos usuarios/as que van a formar parte do programa.
- Proceso de orientación laboral para a comprobación do perfil profesional, social e persoal de cada demandante de emprego.
- Intermediación laboral-visita a empresas da comarca.
- Fomento do autoemprego.
- Xestionar-coordinar as accións formativas.
- Xestión administrativa do programa.
- As funcións e tarefas encomendadas pola Mancomunidade que sexan necesarias para o correcto desenvolvemento do programa de acordo coas bases da convocatoria de subvencións e coa memoria do proxecto.

3.- Sistema de selección

Os candidatos participantes no proceso serán preseleccionados polo Servizo Público de Emprego conforme unha oferta de emprego presentada pola Mancomunidade coas seguintes especificacións:

1. Ocupación que se solicita: Orientador/a profesional para a inserción. Como segunda opción da ocupación, utilizar a de axente de desenvolvemento local
2. Nivel profesional (categoría): Titulado medio (titulación mínima)
3. Meses experiencia: 48
4. O traballador/a deberá dispoñer de permiso de conducir e vehículo propio, e realizar desprazamentos.
5. Nivel CELGA 4 de lingua-galega.
6. Coñecementos informáticos: nivel medio-alto de paquete de Office
7. Co fin de ampliar a concorrência, o Servizo Público de Emprego poderá convocar persoas inscritas como "mellora de emprego". É dicir, non é necesario que as/os aspirantes sexan persoas desempregadas.

As persoas preseleccionadas requiriráselles no prazo de tres días a presentación dunha instancia acompañada de curriculum vitae adaptado aos criterios de valoración de méritos, xunto cos

documentos acreditativos dos méritos obxecto de valoración, ademais do título universitario de grao, diplomatura ou licenciatura.

O proceso selectivo realizarase a través das seguintes fases:

Fase A. Valoración de méritos

A Comisión valorará os méritos dos candidatos conforme ao seguinte baremo:

Critério	Descrición	Puntuación máxima
Titulación académica	Titulacións preferentes: – Licenciado/a en Psicoloxía (2,5 puntos) – Licenciado/a en Pedagogía (2,5 puntos) – Licenciado/a en Psicopedagogía (2,5 puntos) – Licenciado/a Socioloxía/Ciencias políticas e socioloxía (Secc. Socioloxía) (2,5 puntos) – Licenciado en Ciencias Empresariais (2,5 puntos) – Licenciado en Ciencias Económicas (2,5 puntos) – Licenciado/a en Dereito (2,5 puntos) – Diplomado/a en Educación social (2,0 puntos) – Diplomado/a en Traballo social (2,0 puntos) – Diplomado/a en Relacións laborais e recursos humanos/Relacións laborais/Graduado/a social (2,0 puntos). – Diplomado/a en Ciencias Empresariais Outra titulación de licenciada/o universitaria/o, arquitecta/o, enxeñeira/o, enxeñeiro/a técnico, diplomado/a universitario, arquitecto/a técnico ou grao (1,5 puntos) (Para o caso de ter varias titulacións só se contará unha)	2,5
Experiencia en Programas Integrados para o Emprego ou Programas Experimentais de Emprego	Enténdese por <i>Programas Integrados para o Emprego</i> ou <i>Programas Experimentais de Emprego</i> os proxectos executados ao abeiro da convocatoria de subvencións que a Xunta de Galicia realiza anualmente con estas denominacións. Por experiencia en ditos programas enténdese a dedicación exclusiva como técnico orientador/a responsable do programa. Deberá acreditarse mediante certificación oficial da vida laboral actualizada máis copia do contrato ou certificado de empresa no que consten as tarefas realizadas. 2 puntos por programa	8
Experiencia docente no campo do emprego	Experiencia docente no campo do emprego: busca activa de emprego, inserción laboral, emprendemento-autoemprego e orientación laboral. Deberá acreditarse mediante copias de contratos ou certificados das institucións ou empresas organizadoras da formación que permitan o cómputo de horas impartidas. 0,1 puntos por cada 5 horas impartidas.	4,5
Total Máximo		15

Fase B. Entrevista

Será realizada pola Comisión de Selección, que valorará os seguintes aspectos demostrados pola persoa candidata:

- Coñecemento do mercado laboral, dos sectores emerxentes e do territorio.

- Capacidade para traballar con distintos perfís de usuarios do PIE.
- Capacidade de comunicación.
- Coñecementos de xestión administrativa de programas de emprego.

Nesta fase poderase outorgar un máximo de 5 puntos.

Co obxecto de facilitar a preparación da entrevista, proporcionarase aos/ás candidatos/as a memoria do programa “Territorio de Emprego 2018-2019”.

4.- Resultado do proceso.

A comisión de selección elaborará unha prelación das persoas candidatas en función da puntuación final resultante da suma das fases A e B.

As dúas persoas que obtivesen maior puntuación final será propostas pola comisión de selección para a súa contratación.

Nos supostos de renuncia, ausencia, enfermidade ou vacante durante o período previsto de duración do contrato, as persoas participantes no proceso selectivo poderán ser chamadas para cubrir o posto de acordo coa prelación publicada.

5.- Comisión de selección

A comisión de selección estará composta por:

- Presidente: A Xefa de Servizo de Recursos Humanos e Emprego do Concello de Ferrol (suplente: Xefa do Servizo de Contabilidade e Orzamentos do Concello de Ferrol)
- Vogais: Tres persoas designadas respectivamente polos concellos de Narón, Valdoviño e Cedeira que cumpran os requisitos recollidos no artigo 60.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público e o artigo 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego público de Galicia.
- Secretario: O Secretario da Mancomunidade.

A comisión será asesorada polo Xerente da Mancomunidade e poderá contar co asesoramento de AEDLs municipais. Estas persoas limitaranse a cuestións técnicas actuando con voz e sen voto.



ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DE DOUS/ÚAS TÉCNICOS/AS DE INSERCIÓN LABORAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA TERRITORIO DE EMPREGO 2017-2018

Na Casa do Concello de Ferrol, sendo as 9:00 horas do 9 de febreiro de 2018 reuniuse a comisión de selección dun técnico de inserción laboral para o desenvolvemento do programa territorio de emprego 2017-2018, composta polos seguintes membros:

- Presidenta: Cristina Garay Aguirre, Xefa de Servizo de Recursos Humanos e Emprego do Concello de Ferrol.
- Vogais:
 - Yolanda Martínez García, Xefa do Servizo Sociocomunitario do Concello de Narón.
 - Senén Martínez Prieto, Técnico de xestión económica do concello de Valdoviño.
 - Antonio Rodríguez Fabello, Arquitecto Municipal de Cedeira.
- Secretario: Leopoldo Moure García, Secretario da Mancomunidade.

A comisión conta co asesoramento do xerente da Mancomunidade, Luis Alcalá Baille, que actúa con voz pero sen voto.

A continuación desenvólvese a reunión de acordo coas fases establecidas nas bases do proceso selectivo.

1. Valoración de Méritos

Os asistentes examinan a documentación presentada polos candidatos preseleccionados polo Servizo Público de Emprego en resposta á convocatoria realizada por correo electrónico ás direccións indicadas polos interesados, do que resultan as seguintes puntuacións:



DOPICO GARCÍA, MÓNICA			
Apartado	Puntos	Uds.	Documento/Observación
Titulación académica	1,5		Lic. Humanidades
Experiencia en P.I.E.	0		
Experiencia docente	0		
Total	1,5		

FILGUEIRA HERVA MONTSERRAT			
Apartado	Puntos	Uds.	Documento
Titulación académica	2		Graduado social
Experiencia en P.I.E.			
Experiencia docente	4,5	520	(Contrato de 20 horas semanas durante 6 meses)
Total	6,5		

FREIRE DOCE MARIA ISABEL			
Apartado	Puntos	Uds.	Documento
Titulación académica	2		Graduado social
Experiencia en P.I.E.			
Experiencia docente	0		
Total	2		

FREIRE LUACES, NOEMÍ			
Apartado	Puntos	Uds.	Documento
Titulación académica	1,5		Lic. Ciencias Políticas (sen socioloxía)
Experiencia en P.I.E.			
Experiencia docente	4,5		
Total	6		

PEREIRA FERNANDEZ ALMUDENA			
Apartado	Puntos	Uds.	Documento
Titulación académica	2		Graduado social
Experiencia en P.I.E.			
Experiencia docente			
Total	2		

RIVERA DOMÍNGUEZ, ANA BELÉN			
Apartado	Puntos	Uds.	Documento
Titulación académica	2		Graduado Social e Lic.en Ciencias Políticas (sen socioloxía)
Experiencia en P.I.E.			
Experiencia docente	4,5	Supera máximo	
Total	6,5		

RODRÍGUEZ FREIRE, MARÍA DO CARMO			
Apartado	Puntos	Uds.	Documento
Titulación académica	1,5		Lic. en Ciencias Políticas (sen socioloxía)
Experiencia en P.I.E.			
Experiencia docente			
Total	1,5		

RODRÍGUEZ GARCÍA, BEATRIZ			
Apartado	Puntos	Uds.	Documento
Titulación académica	2,5		Lic. En Psicología
Experiencia en P.I.E.			
Experiencia docente	4,5	Supera máximo	
Total	7		

ZARATE RODRIGUEZ JOSE JACOBO			
Apartado	Puntos	Uds.	Documento
Titulación académica	2,5		Lic. Ciencias Económicas e Empresariais
Experiencia en P.I.E.	0		
Experiencia docente	0,17	8,5	
Total	2,67		



2. Entrevista

A continuación procédese á realización de entrevistas, nas que se valoraron conforme as bases os seguintes aspectos demostrados pola persoa candidata:

- Coñecemento do mercado laboral, dos sectores emerxentes e do territorio.
- Capacidade para traballar con distintos perfís de usuarios do PIE.
- Capacidade de comunicación.
- Coñecementos de xestión administrativa de programas de emprego.

Os candidatos obtiveron as seguintes puntuacións:

Persoa candidata	Entrevista Máx. 5 puntos
DOPICO GARCÍA, MÓNICA	1,75
FILGUEIRA HERVA MONTSERRAT	1,9
FREIRE DOCE MARIA ISABEL	1,75
FREIRE LUACES, NOEMI	5
PEREIRA FERNANDEZ ALMUDENA	4
RIVERA DOMÍNGUEZ, ANA BELÉN	3,75
RODRÍGUEZ FREIRE, MARÍA DO CARMO	3,5
RODRÍGUEZ GARCÍA, BEATRIZ	3,83
ZARATE RODRIGUEZ JOSE JACOBO	2

3. Resultado final

De acordo coas anteriores puntuacións, a comisión de selección establece a seguinte orde de prelación de candidatos:

Prelación	Candidato	Méritos	Entrevista Máx. 5 puntos	Total
1	FREIRE LUACES, NOEMI	6	5	11
2	RODRÍGUEZ GARCÍA, BEATRIZ	7	3,83	10,83
3	RIVERA DOMÍNGUEZ, ANA BELÉN	6,5	3,75	10,25
4	FILGUEIRA HERVA MONTSERRAT	6,5	1,9	8,4
5	PEREIRA FERNANDEZ ALMUDENA	2	4	6
6	RODRÍGUEZ FREIRE, MARÍA DO CARMO	1,5	3,5	5
7	ZARATE RODRIGUEZ JOSE JACOBO	2,67	2	4,67
8	FREIRE DOCE MARIA ISABEL	2	1,75	3,75
9	DOPICO GARCÍA, MÓNICA	1,5	1,75	3,25

En consecuencia, a Comisión de Selección PROPÓN:

1. A contratación de Noemí Freire Luaces e Beatriz Rodríguez García como técnicas de inserción laboral para o desenvolvemento do programa *Territorio de emprego 2017-2018*
2. A aprobación da prelación arriba transcrita para a súa utilización nos supostos de renuncia, ausencia, enfermidade ou vacante, segundo o establecido nas bases.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión, sendo as 11:30 horas do día arriba indicado, do que, como secretario, DOU FE.

A Presidenta da Comisión de Selección

Asdo.: Cristina Garay Aguirre

O Secretario da Mancomunidade

Asdo.: Leopoldo Moure García





DECRETO

Vista a proposta realizada pola Comisión de Selección reunida o 9 de febreiro de 2018,

RESOLVO:

1. Aprobar a contratación de Noemí Freire Luaces e Beatriz Rodríguez García como técnicas de inserción laboral para o desenvolvemento do programa *Territorio de emprego 2017-2018*.
2. Aprobar a prelación a continuación transcrita para a súa utilización nos supostos de renuncia, ausencia, enfermidade ou vacante, segundo o establecido nas bases.

Prelación	Candidato	Méritos	Entrevista Máx. 5 puntos	Total
1	FREIRE LUACES, NOEMÍ	6	5	11
2	RODRÍGUEZ GARCÍA, BEATRIZ	7	3,83	10,83
3	RIVERA DOMÍNGUEZ, ANA BELÉN	6,5	3,75	10,25
4	FILGUEIRA HERVA MONTSERRAT	6,5	1,9	8,4
5	PEREIRA FERNANDEZ ALMUDENA	2	4	6
6	RODRÍGUEZ FREIRE, MARÍA DO CARMO	1,5	3,5	5
7	ZARATE RODRIGUEZ JOSE JACOBO	2,67	2	4,67
8	FREIRE DOCE MARIA ISABEL	2	1,75	3,75
9	DOPICO GARCÍA, MÓNICA	1,5	1,75	3,25

Así o manda e asina o Presidente da Mancomunidade en Ferrol, a 9 de febreiro de 2018, do que, como secretario, DOU FE.

O Presidente da Mancomunidade

Asdo.: Jorge Juan Suárez Fernández



O Secretario da Mancomunidade

Asdo.: Leopoldo Moure García

